

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 28 DE  
OUTUBRO DE 2010**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de outubro de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M<sup>a</sup> Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceros Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste dona Isabel María Fuentes Torices, interventora accidental, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2010**

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2010.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que quería que, por favor, a secretaria volvese escoitar a gravación, xa que falta unha intervención, que non é curta, que é bastante longa. Solicita deixar a acta para aprobación no vindeiro pleno e que se faga unha revisión da gravación.

A secretaria da corporación di que haberá que comprobalo, e pregunta a que intervención en concreto se refire.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel contesta que a unha intervención bastante longa antes do punto de rogos e preguntas. Simplemente pide unha revisión da gravación e a aprobación da acta no próximo pleno.

Así pois, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, acordouse deixar sobre a mesa a acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2010, para a súa aprobación no vindeiro pleno, unha vez se comprobe a gravación efectuada.

**2º Proposta de aprobación do modelo de declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, para a súa inscrición no Rexistro de Intereses, Libro 1º Rexistro de Bens Patrimoniais**

Vista a proposta da Alcaldía de data 22 de outubro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior de data do día 26 de outubro de 2010.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, xa que se trata de dar cumprimento á lei.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, efectivamente, trátase de dar cumprimento á lei e adaptarse ao disposto no art. 75.7 da Lei reguladora das bases do réxime local, cunha modificación efectuada pola Lei do solo. Tamén trata de dar cumprimento a unha moción presentada polo grupo municipal de EU-IU, e a un rogo ou pregunta, que no mesmo sentido, presentaron sobre o acceso aos bens e ao patrimonio dos membros da corporación municipal, e actualización das súas declaracións.

En consecuencia, o seu grupo vai apoiar esta proposta, que consiste en cumprir coa lei e darlle continuidade coa modificación do Regulamento orgánico municipal.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar o modelo de declaración de bens e dereitos patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo que a seguir se transcribe:



**REXISTRO  
DE  
INTERESES**

**DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS E DA  
PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES**

Corporación: ANO _____ / _____	Data de anotación _____/_____/_____ Número Rexistro _____
-----------------------------------	--

Datos do/da declarante		
Apelidos e nome		NIF
Domicilio		C.Postal
Localidade	Provincia	Teléfono

Tipo de declaración
Sinale cun X o recadro que proceda
<input type="checkbox"/> Inicial (Antes da toma de posesión) <input type="checkbox"/> Anual
<input type="checkbox"/> Modificación (Variación das circunstancias de feito) <input type="checkbox"/> Final (declaración por cesamento no cargo)

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o/a que subscribe, cuxos datos de identidade arriba se consignan, formula a presente declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades que consta de \_\_\_\_\_ páxinas e manifesta, baixo a súa responsabilidade, que os datos son rigorosamente certos:

1.-PATRIMONIO INMOBILIARIO							
Clase (1)	Tipo (2)	Descrición	Emprazamento	Valor Catastral	% de participación	Data de Adquisición	Observacións


(1) Clase de ben: **R**:rústico; **U**:urbano

(2) Tipo de dereito: **P**:pleno dominio; **N**:nuda propiedade; **M**:multipropiedade, propiedade a tempo parcial ou fórmulas semellantes, con titularidade parcial do ben; **D**:dereito real de uso e goce; **C**:concesión administrativa.

Nada que declarar neste epígrafe 1.

Se o espazo reservado para indicar os bens é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se xuntan: \_\_\_\_\_

<b>2.-DEPÓSITOS EN CONTA CORRENTE, DE AFORRO E OUTROS TIPOS DE IMPOSICIÓN EN CONTA</b>	
Clase	Entidade de depósito

Nada que declarar neste epígrafe 2.

Se o espazo reservado para indicar as imposicións é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se xuntan: \_\_\_\_\_

<b>3.-OUTRO PATRIMONIO MOBILIARIO</b>				
Clase	Denominación e obxecto social	% de participación	Data de adquisición ou subscripción	Sociedades Participadas

Accións e participacións de todo tipo en sociedades e institucións de investimento colectivo				
Seguros de vida, plans de pensións, rendas temporais e vitalicias	Denominación e obxecto social			Data de adquisición ou subscripción
Débeda pública, obrigas e bonos				
Outros bens patrimoniais (dereitos derivados da propiedade intelectual ou industrial, obrigas de pagamento, etc..)				

Nada que declarar neste epígrafe 3.

Se o espazo reservado para indicar os bens é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se xuntan: \_\_\_\_\_

<b>4.-VEHÍCULOS (1)</b>		
Clase	Marca-Modelo	Data de Matriculación

(1) Automóbiles, embarcacións, aeronaves...etc.

Nada que declarar neste epígrafe 4.

Se o espazo reservado para indicar os bens é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se xuntan: \_\_\_\_\_

<b>5.-OBRAS DE ARTE, XOIAS, OUTROS BENS*</b>		
Clase	Descrición	Data de Adquisición

\*Decláranse aqueles cuxo importe supere os 6.000 €

Nada que declarar neste epígrafe 5.

Se o espazo reservado para indicar os bens é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se xuntan: \_\_\_\_\_

<b>6.-SEMOVIENTES</b>			
Especie	Nº de cabezas	Descrición	Observacións

Nada que declarar neste epígrafe 6.

Se o espazo reservado para indicar os bens é insuficiente, indique o número de follas adicionais que se xuntan: \_\_\_\_\_

## **7.-LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS**

Achégase copia cotexada da liquidación do Imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio \_\_\_\_\_ (especificar ano)

Manifesta que no exercicio \_\_\_\_\_ non ten obriga de declarar.

## **8.-LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO**

Achégase copia cotexada da liquidación do Imposto sobre o patrimonio correspondente ao exercicio \_\_\_\_\_ (especificar ano)

Manifesta que no exercicio \_\_\_\_\_ non ten obriga de declarar.

## **9.-LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES**

Achégase copia cotexada da liquidación do Imposto sobre sociedades correspondente ao exercicio \_\_\_\_\_ (especificar ano)

Manifesta que no exercicio \_\_\_\_\_ non ten obriga de declarar.

Cambre , de de 20

Asdo:

Ante min:  
O/A secretario/a

Asdo.

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados no ficheiro “REXISTRO DE INTERESES” do Concello de Cambre cuxa finalidade é coñecer os bens e as causas de posible incompatibilidade e actividades dos membros da corporación, podendo ser utilizados de conformidade co establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no Regulamento orgánico municipal. O/A interesado/a poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, polos motivos indicados na Lei orgánica 15/1999, presentando a solicitude no REXISTRO XERAL DO CONCELLO.

Segundo: Durante o mes de decembro do 2010, todos os concelleiros que compoñen a Corporación deberán presentar na Secretaría Xeral, debidamente cuberta, a declaración

de bens e dereitos patrimoniais e da participación en sociedades, así como copia compulsada da liquidación do Imposto sobre a renda das persoas físicas e do Imposto sobre sociedades ou, en caso contrario, manifestación expresa de non ter obrigaón de declarar.

**3º Proposta de modificación do Regulamento elaborado para regular a creación, modificación e supresión de ficheiros de datos de carácter persoal, para a inclusión de dous novos ficheiros, ficheiro de formación e ficheiro de emprendedores dentro da área de Desenvolvemento Local**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Promoción Económica e Emprego de data do día 20 de outubro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 26 de outubro de 2010.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Tendo en conta que, en execución do contrato correspondente ao expediente nº 09/95-36 SERV., para a adaptación do Concello de Cambre á normativa sobre protección de datos de carácter persoal, se atopa en proceso de elaboración un novo Regulamento para a creación dos ficheiros de titularidade pública municipais, e en tanto non se proceda á aprobación desta nova disposición de carácter xeral que regule a creación e/ou modificación ou supresión de tódolos ficheiros dos diferentes departamentos municipais, acordar a modificación do “*Regulamento elaborado para regular a creación, modificación e supresión de ficheiros de datos de carácter persoal, en cumprimento do preceptuado na L.O. 5/1992 do 29 de outubro*”, que foi aprobado pola corporación municipal de Cambre en Pleno, coa data do 29 de setembro de 1994, e publicado no BOP nº 239 do 19 de outubro de 1994, a fin de crear dous novos ficheiros , o ficheiro de formación e mailo de emprendedores, e para tal efecto :

- a) Modificar o artigo 1 do Regulamento , que queda redactado do seguinte teor literal:

“ Os ficheiros automatizados do Concello de Cambre nos que se conteñen e procesan datos de carácter persoal son os seguintes:

- a) ficheiro de datos económico-contables  
b) ficheiro de datos tributarios



- c) ficheiro de nómina
- d) ficheiro de padrón de habitantes
- e) ficheiro de rexistro de expedientes
- f) ficheiro de empresas do municipio
- g) ficheiro de demandantes de emprego
- h) ficheiro de monitores de actividades culturais-deportivas
- i) ficheiro de asociacións do municipio
- l) ficheiro de formación
- m) ficheiro de emprendedores.”

- b) Engadir ao citado Regulamento un Anexo I, contendo a estrutura dos dous ficheiros creados, segundo se transcribe a continuación:

### “ ANEXO I

De conformidade co establecido no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e artigos 52 e 54.1 do RD 1720/2007 do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da antedita lei, créanse os seguintes ficheiros do Concello de Cambre, que conteñen e procesan datos de carácter persoal :

- **FICHEIRO: Formación**

**A. Finalidade e usos previstos:** Contén datos do alumnado e do profesorado que participa nos cursos organizados pola Axencia de desenvolvemento local. Tipificación da finalidade: formación ocupacional.

**B. Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal:** veciños e veciñas de Cambre e a súa comarca e desempregados en xeral.

**C. Procedencia e Procedemento de recollida de datos:** Os datos apórtanse directamente polos interesados, mediante instancia presentada presencialmente .

**D. Estrutura básica do ficheiro:**

- Datos de carácter identificativo: DNI/ NIE/ NIF; Teléfono, nome e apelidos, enderezo, enderezo electrónico, imaxe.
- Datos de características persoais: data de nacemento, sexo, datos familiares.
- Datos económico- financeiros: núm. de conta, entidades bancarias, ingresos, situación tributaria.
- Datos académicos: estudos, outro tipo de titulación non regrada.

- Datos profesionais: Experiencia profesional
- Datos de emprego: Situación laboral
- Datos de circunstancias sociais : Beneficiarios de axudas, minusvalías
- Outros datos: Non.

**E. Sistema de tratamento utilizado na súa organización:** Automatizado e manual

**F. Comunicación de datos prevista, indicando, no seu caso, os destinatarios ou categorías de destinatarios:**

- Órganos da Administración do Estado: órganos competentes en materia de formación, emprego, Seguridade Social e Facenda.
- Órganos da Comunidade Autónoma: Xunta de Galicia: órgano competente en materia de emprego.
- Órganos da Administración Local : Deputación Provincial.
- Outros: Non

**G. Transferencias internacionais de datos previstos a terceiros:**

- Non se prevén

**H. Medidas de seguridade:**

- Básico.

**I. Administración responsable do ficheiro**

Concello de Cambre

Órgano da Administración responsable do ficheiro: O Alcalde-Presidente da Corporación

Área de Desenvolvemento Local

Departamento: Axencia de desenvolvemento local.

**L. Servizo ou Unidade ante a que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:**

Rexistro Xeral do Concello de Cambre

Enderezo: Adro 1

C.P.: 15660 Cambre (A Coruña)

Teléfono: 981 613128

Fax: 981 675969

- **FICHEIRO: Emprendedores**

**A. Finalidade e usos previstos:** Contén datos das persoas que solicitan información, orientación ou asesoramento relacionado coa creación de empresas, asesoramento técnico ou proxectos produtivos en xeral. Tipificación da finalidade: Creación de actividade e información en xeral sobre subvencións, financiamento, lexislación de aplicación, etc ...

**B. Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal:** Emprendedores, empresarios, veciños e veciñas de Cambre e a súa comarca en xeral.

**C. Procedencia e Procedemento de recollida de datos:**

Os datos apórtanse directamente polos interesados, mediante instancia presentada presencialmente .

**D. Estrutura básica do ficheiro:**

- Datos de carácter identificativo: DNI/NIE/NIF/CIF; Teléfono, nome e apelidos, nacionalidade, enderezo, enderezo electrónico.
- Datos de características persoais: data de nacemento, sexo.
- Datos económico-financeiros: Plan de empresa (proxecto de investimento, provisión de fondos, previsión de ingresos e gastos)
- Datos académicos: estudos, núm. de colexiado profesional.
- Datos profesionais: Non
- Datos de emprego: Situación laboral
- Datos de circunstancias sociais: Licenzas , permisos e autorización de actividade e obra, emigrante retornado
- Outros datos: tipoloxía e datos do proxecto, servizos recibidos,

**E. Sistema de tratamento utilizado na súa organización:**

Automatizado e manual

**F. Comunicación de datos prevista, indicando, no seu caso, os destinatarios ou categorías de destinatarios:**

- Órganos da Administración do Estado: órganos competentes en materia de promoción de emprego.
- Órganos da Comunidade Autónoma : órganos da Xunta de Galicia competentes en materia de promoción de emprego.
- Órganos da Administración Local: Non
- Outros : Non

**G. Transferencia internacional de datos previstos a terceiros:**

- Non se prevén

**H. Nivel de seguridade esixible:**

- Básico.

**I. Administración responsable do ficheiro**

Concello de Cambre  
Órgano da Administración responsable do ficheiro: O Alcalde-  
Presidente da Corporación  
Área de Desenvolvemento Local  
Departamento: Axencia de desenvolvemento local.

**L. Servizo ou Unidade ante a que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:**

Rexistro Xeral do Concello de Cambre  
Enderezo: Adro 1  
C.P.: 15660 Cambre (A Coruña)  
Teléfono: 981 613128  
Fax: 981 675969 ”

Segundo: En cumprimento do establecido no artigo 49 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, expoñer ao público o presente acordo e mailo expediente incoado para o efecto, por un prazo de trinta días, para os efectos de presentación de suxestións e reclamacións, que serán resoltas polo Pleno da Corporación. De non se formular reclamación ningunha, o regulamento entenderase definitivamente aprobado e se remitirá á Axencia de Protección de datos.”

**4º Proposta de aprobación de contía de prezo público correspondente ao acordo nº 1 regulador do prezo público por actividades culturais**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 22 de outubro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 26 de outubro de 2010.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da proposta, xa que é unha actividade que non lle reporta ao concello un custo excesivo, aínda que son momentos bastante críticos economicamente falando. Non obstante, como ten unha subvención importante da Deputación, van votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que vai manter o seu voto de abstención emitido na comisión, xa que considera que con eses cartos se podería facer outro tipo de actividade, con subvención da Deputación, pero que poderían aproveitarse moitos máis veciños do Concello de Cambre, dos que se van aproveitar neste caso.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, e abstéñense o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dezanove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a seguinte contía de prezo público correspondente ao acordo n<sup>o</sup> 1 regulador do prezo público por actividades culturais:

CONCEPTO	IMPORTE
Actividade “Viaxe cultural a Madrid”	100,00 euros

Segundo: Publicar para o seu xeral coñecemento no boletín oficial da provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no boletín oficial da provincia.

## **5<sup>o</sup> Mocións**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU-IU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU-IU.

**A) Moción do grupo municipal de EU-IU respecto da adhesión e ratificación do Código de bo goberno aprobado pola Comisión Executiva da Federación Española de Municipios e Provincias, e incorporación ao Regulamento orgánico municipal dos principios e normas contidas no mesmo**

Rexistrada de entrada ao número 15.562, xunto cos rogos e preguntas ao pleno e comisións informativas. Consta do seguinte teor literal:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

No pleno municipal do mes de de xullo de 2008, aprobouse unha Moción presentada polo Grupo Municipal de EU-IU, consistente na aprobación de un **“Código Ético de Incompatibilidades dos membros da Corporación”**, o obxectivo de este instrumento e conseguir impregnar a vida política de Cambre de ética, valores, honradez, transparencia e honestidade.

Transcurridos mais de dous anos da aprobación da Moción, salvo tibios intentos de elaboración do documento, non se fixo absolutamente nada para dar cumprimento o acordo plenario, que podería contribuir a dotación de un documento de control no ámbito municipal de Cambre.

O 15 de decembro do pasado ano a Comisión Executiva da Federación Española de Municipios e Provincias aprobou, por unanimidade de todos os grupos políticos, o **CÓDIGO DE BO GOBERNO LOCAL**, recollendo unha serie de principios sobre a transparencia e a ética pública, así como medidas de mellora na xestión, modernización e calidade da democracia local.

O Código, como plantexaba o noso Grupo, recolle un decálogo de principios que van desde o respecto ao ordenamento xurídico e o compromiso coa ética pública e a calidade democrática, ata a defensa dos intereses xerais con honradez, obxectividade, imparcialidade, austeridade e proximidade ao cidadán. Proponse fomentar a transparencia e a democracia participativa, traballar pola inclusión social e o equilibrio territorial nos municipios. Do mesmo xeito, asume o Código de conduta política en relación co transfuguismo.

O texto aprobado, que foi remitido a todos os gobernos locais do Estado, merece o maior consenso posible e así debería plasmarse nun acordo unánime de tod@s os que representamos aos cambres@s nesta Corporación.

Ao noso entender, o Código da “FEMP” responde a unha vontade unánime de todos os grupos políticos representados na Federación que afecta a todas as Corporacións locais do Estado, e por eso creemos que o noso concello debe ractificalo.

Polo exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O Concello de Cambre adhírese e ratifica o CÓDIGO DO BO GOBERNO LOCAL aprobado pola Comisión Executiva da Federación Española de Municipios e Provincias o día 15 de decembro de 2009, velando polo seu cumprimento por parte da Corporación municipal.

Segundo: O Concello de Cambre incorporará ás súas prácticas e ao seu ordenamento a través dos seu Regulamentos Orgánico Municipal e outras normas de funcionamento específicas, os principios e normas contidos no referido CÓDIGO DO BO GOBERNO LOCAL.

Terceiro: O Concello de Cambre informará á cidadanía do contido e existencia deste Código, e velará polo seu cumprimento.”

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por vinte votos a prol, acordou aprobar a moción tal como se transcribiu.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que coa aprobación desta moción que acaban de levar a cabo, están dando un paso máis a prol da transparencia que debe predominar nas institucións públicas e tamén nos seus representantes, profundizando na configuración democrática e na participación nas corporacións locais. Di que o seu grupo agradece o voto a prol desta moción.

A continuación, e ante a pregunta de don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), sobre a forma e data de presentación das mocións que se van tratar a continuación, o Sr. alcalde explica que as propostas que se van tratar, ningunha delas pasou por rexistro e o que hai que votar é a súa urxencia, para ver se se deben tratar ou non. Explica que a urxencia da moción que concretamente van ver agora vén dada porque a partir dunhas conversacións co Colexio de Farmacéuticos, xurdiu a necesidade de volver a solicitar unha farmacia que xa se pediu hai cinco anos na Barcala.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que precisamente o pregunta por iso, e que menos mal que non teñen maioría absoluta, porque se a tiveran farían o que lles dera a gana. Di que a moción que presentan agora trae a data de 20 de decembro de 2010, e que non se quixo meter por rexistro, porque con esa data terían tempo de telo feito perfectamente. En caso de que se tivera rexistrado el absteríase na votación de urxencia, como vén facendo habitualmente, pero como non foi así ten que

votar a prol, ou pode votar a prol, pero parécelle que son trampas. Acaban de falar de ética, todos aprobaron o código de ética, e a ética nesta corporación, nesta lexislatura, desgrazadamente moi pouco poden falar dela. Volve preguntar por que se ten data do día 20 de decembro, por que non se rexistrou.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que pensa que hai que aclarar unha cuestión. Hai tres mocións que se van presentar hoxe que foron informadas na Xunta de Voceiros e que van constar nesa acta. Díxose que por parte do goberno municipal íanse presentar en forma de mocións, e así se lle comunicou a todos os grupos e, en todo caso, el supón que pedir a apertura dunha farmacia na Barcala, estar de acordo coa proposta negociada con ADIF para o paso do Noceiro, ou o tema do noitebús, ninguén pode pensar que sexan temas de interese particular do goberno municipal. Pensan que son temas de interese xeral, que ademais foron comunicados a toda a corporación, e que non se traen pola porta de atrás en absoluto, de feito estaban os textos dentro do expediente do pleno o venres, cando se fixo a convocatoria formal. Efectivamente non se lles puxo o selo de rexistro, pero estaban avisados xa dende o día anterior e formaban parte da carpeta do expediente do pleno dende o momento da súa convocatoria.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que volven ao mesmo. Que se están feitas en tempo e forma, pregunta por que non se meten por rexistro, como teñen que facelo todos. Pregunta se o goberno municipal pasa do rexistro municipal.

El entende que se traía unha cousa urxente que xurda un ou dous días antes, iso é coherente e correcto que se vote a súa urxencia, pero cando son cousas que xa están feitas antes do prazo establecido para presentar a moción, pregunta por que o goberno municipal non as pasa por rexistro, como todo o mundo.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada pola Alcaldía. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **B) Moción da Alcaldía respecto da necesidade de apertura dun establecemento farmacéutico no núcleo urbano da Barcala**

De orde do señor alcalde a secretaria da corporación le a moción da Alcaldía de data 20 de outubro de 2010 que se transcribe literalmente a seguir:



## “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección da saúde é un dereito constitucional e para unha axeitada cobertura da saúde pública é fundamental un acceso rápido, oportuno e equitativo á atención farmacéutica, tanto desde o punto de vista asistencial como desde o da saúde pública.

No municipio de Cambre, dende hai un tempo, existe unha demanda por parte dos vecinos e veciñas da Barcala en torno á apertura dun establecemento farmacéutico na zona. Esta demanda é transmitida, non só, verbalmente polos cidadáns, senón que tamén, no ano 2009, levouse a cabo unha recollida de sinaturas apoiando a proposta de creación dunha oficina de farmacia.

Esta necesidade fundamentase no incremento poboacional que experimentou o Concello nos últimos anos. Segundo os datos que constan a outubro de 2010 no padrón municipal, o número de habitantes do municipio é de 23.975. Desglosado por parroquias, Sta. María de Cambre acolle a 6.994 habitantes, dos cales 2.778 habitantes, pertencen ao núcleo da Barcala.

O Concello de Cambre, conta a data de hoxe con 7 establecementos farmacéuticos en funcionamento nos seguintes lugares: Sigrás (1), Cecebre (1), Brexo- Lema (1) na zona rural e, no Temple (2) e Cambre (2) que son as zonas máis urbanas.

Asemade, tense coñecemento da existencia dun expediente en trámite de solicitude de apertura de oficina de farmacia no municipio, na zona da Barcala, que se acolle ao artigo 3º 1.B do R/D 909/1978 do 14 de abril polo que se regula o establecemento, transmisión ou integración das oficinas de farmacia.

Tendo en conta o exposto, formulo ao pleno a seguinte proposta de acordo a adoptar:

Comunicar ao Colexio de Farmacéuticos a necesidade da apertura dun establecemento farmacéutico no núcleo urbano da Barcala, todo isto segundo os datos reflectidos na exposición de motivos.”

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo está de acordo con esta moción, e que lamentan que, a día de hoxe, os veciños da Barcala estean sen farmacia. Di que felicitan a presentación desta moción, e que oxalá se poida acadar unha farmacia o máis axiña posible.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, efectivamente, eles se enteraron xa hai oito días que se ían presentar unhas mocións, unha delas que é fundamental, trata da instalación dunha farmacia no núcleo da Barcala.

Di que a eles é-lles difícil entender que unha poboación que se compón, máis ou menos, de 3000 habitantes, que nos momentos en que viven os veciños da Barcala non dispoñan dun servizo tan esencial, un servizo de primeira necesidade, que non teñan unha farmacia. Evidentemente o seu grupo vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el tamén vai votar a prol da moción, pero quere facer unha aclaración, pregunta que cales son as dúas farmacias que pon no Temple e as dúas de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que a do Cruceiro e a que está na Volta das Carrozas.

Don Manuel Marante Gómez di que non sabía que aí houberan posto unha farmacia, e pregunta cales son as do Temple, unha sabe que é na rúa Tapia e pregunta pola outra.

O Sr. alcalde contesta que na rúa Párroco M. Cobas.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PS de G-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a moción tal como se transcribiu.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo concelleiro delegado de Medio Ambiente. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

**C) Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo, respecto da supresión do paso a nivel no PK 534/840 da liña Palencia-A Coruña no Noceiro-Cambre**

De orde do señor alcalde a secretaria da corporación le a moción do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo de data 26 de outubro de 2010, que se transcribe literamente a continuación:

“O concello de Cambre solicitou mediante un escrito de alegacións, de data 17 de febreiro de 2010, a modificación do proxecto de supresión de pasos a nivel en Cambre en relación ao paso a nivel 535/840, no Noceiro- Cambre.

Por parte de Adif presentouse unha denominada ‘*SEPARATA A LA SUPRESIÓN DEL PASO A NIVEL DEL P.K. 535/840 DE LA LÍNEA PALENCIA-A CORUÑA, TM DE CAMBRE (A CORUÑA)*’.

Visto o documento separata polo que se modifica o proxecto orixinal presentado por Adif con data de outubro de 2010 e recibido por correo electrónico o pasado venres, día 22 de outubro, no que se recollen os cambios propostos no documento de alegacións formulado polo concello e, así mesmo, os contidos das diferentes reunións e comunicacións mantidas cos responsábeis do órgano de xestión de infraestructuras ferroviarias.

Visto o informe o Enxeñeiro de Camiños Municipal sobre a modificación proposta por Adif.

Visto que na data de recepción da documentación xa estaba cursada a convocatoria do Pleno ordinario da Corporación coa correspondente orde do día.

Propónse ao Pleno da Corporación a declaración de urxencia desta moción e a adopción do seguinte

#### ACORDO:

- 1- Manifestar o acordo coa proposta técnica presentada por Adif no sentido de substituír a solución inicial de pasarela aérea por un paso inferior de dimensións 4,5mX2,5m, suficiente para o paso de vehículos lixeiros e reserva para paso de peóns. Solución acorde coa solicitude municipal presentada o 17 de febreiro deste ano.
- 2- Reiterar que todas as actuacións deberán adecuarse ao Regulamento de Accesibilidade de Galicia, Decreto 35/2000 de DOG 29/02/2000, no sentido de que as pendentes máximas non poderán superar o 8%.
- 3- Comunicar o presente acordo á Dirección General de Infraestructuras Ferroviarias do Ministerio de Fomento.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo está de acordo, evidentemente, porque se trata dunha petición dos veciños xa de cando se presentou este tema. O único que queren facer constar, por se alguén non o leu na prensa, é que no informe que envían dende Fomento dise que hai un risco de

que se produzan inundacións, simplemente por iso piden que se poña especial atención en intentar evitar por todos os medios esa situación.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que habería que engadir un modificado na proposta, relativo ao organismo a quen se lle ten que remitir. Di que posteriormente á comunicación por correo electrónico que lles chegou a semana pasada, entrou xa de maneira formal por rexistro de entrada o documento, e o órgano concreto é a *Dirección Ejecutiva de Red Convencional, Dirección Pasos a Nivel*, que sería o órgano ao que lle terían que remitir o acordo plenario sobre o proxecto.

En canto ao tema que se comentou sobre ese sitio que ten unha cota moi baixa, e moi próxima ao río, que é onde desaugan as pluviais, o que pode ocorrer, e así o advirten tanto os técnicos municipais como os técnicos de Adif que estudaron a proposta, é que en determinados momentos de fortes choivas, con escorrentías importantes, non sexa suficiente para aliviar a auga que se pode estancar naquel punto baixo. Pode ser que algunha vez, algún ano, haxa que mantelo pechado á circulación durante un período de tempo breve, mentres non se consiga aliviar, efectivamente hai que facer o mantemento e coidado, pero é unha dificultade que coñecían e pensa que todos prefiren esta solución aínda que de cando en vez haxa que curtar o tránsito alí, e non a pasarela elevada que pretendían inicialmente.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo vai votar a prol porque consideran que esta alternativa é mellor opción que a primitiva que trataba de facer un paso elevado, a menos custosa e incluso a menos agresiva, e consideran e coinciden cos veciños que pode ser a máis eficaz.

Di que evidentemente haberá que telo en conta e facer unha drenaxe importante para unha posible evacuación das augas nun momento determinado, pero pensa que a pesar de que o informe técnico así o considere e reflecta, incluso tamén o informe de Adif, segundo o cal pode haber gran parte do ano inundacións, el cre que no pasado ano, incluso o anterior, moi poucas inundacións houbo na zona.

Sometida a votación ordinaria, coa modificación do punto 3, respecto do organismo ao que se debe remitir o acordo, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Manifestar o acordo coa proposta técnica presentada por Adif no sentido de substituír a solución inicial de pasarela aérea por un paso inferior de dimensións

4,5mX2,5m, suficiente para o paso de vehículos lixeiros e reserva para paso de peóns. Solución acorde coa solicitude municipal presentada o 17 de febreiro deste ano.

Segundo: Reiterar que todas as actuacións deberán adecuarse ao Regulamento de Accesibilidade de Galicia, Decreto 35/2000 de DOG 29/02/2000, no sentido de que as pendentes máximas non poderán superar o 8%.

Terceiro: Comunicar o presente acordo á *Dirección Ejecutiva de Red Convencional, Dirección de Pasos a Nivel*, Adif, Ministerio de Fomento.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo concelleiro delegado de Medio Ambiente. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **D) Moción do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo, para esixir o mantemento do noitebús**

O concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo le a moción de data 22 de outubro de 2010 que consta do seguinte teor literal:

“A Xunta de Galicia vén de anunciar a súa intención de suprimir o servizo coñecido como Noitebús. Esta iniciativa, posta en marcha na pasada lexislatura, forma parte das actuacións destinadas a mellorar a seguranza viaria e reducir a siniestralidade, cubrindo as necesidades de desprazamento nocturno da mocidade. A demanda que rexistrou desde a súa posta en funcionamento dan boa mostra de que é un servizo necesario do que non se pode prescindir. Aos datos feitos públicos pola Consellaría nos remitimos. Son testemuña do éxito deste servizo simplemente pola cantidade crecente de usuarios.

Debemos aclarar tamén que o servizo non é gratuíto. É certo que está a ser subvencionado pero non é menos certo que as usuarias e usuarios, maiormente mozos, pagan 2,5€por cada viaxe, o dobre que nos servizos diarios.

A modo de exemplo podemos citar datos oficiais, referidos a Cambre, e a unha das catro rutas que nos afectan directamente, aportados pola propia empresa que realiza o servizo e que son os que certifica para a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (MATI), a ruta Cambre-A Coruña, e que dá cifras tan ilustrativas como as seguintes: só nos meses pasados de xullo, agosto e setembro o servizo foi prestado

durante 28 noites próximas aos fins de semana e transportou un total de 3.252 viaxeiros e viaxeiras. Máis de 1000 persoas mensuais. Reflexionemos diante destas datos sobre a cantidade de viaxes de vehículos particulares que se evitaron neste período, coa conseguinte diminución estatística das probabilidades de accidentes. Pero é máis, a recadación directa obtida foi, referida aos anteriores viaxes, de 4.658,5€ Polo tanto é un servizo que soportan economicamente en boa medida os propios usuarios.

Consideramos como lamentábel e unha irresponsabilidade escoitar do Presidente do Goberno Galego que *“este é un servizo que resulta innecesario nun momento de dificultades económicas”* ou que o cualifique como *“servizo adicional”*. Persoas expertas nesta materia fixeron público o seu desacordo nestes mesmos días. A propia Dirección Xeral de Tráfico (DGT) afirma que *“este servizo ten demostrado a súa eficacia, ademais de contribuíu a eliminar vítimas e a concienciar sobre a conducción segura”*. Tamén a plataforma Stop Accidentes uniuse a estas manifestacións para cualificar a pretensión do goberno popular de “desastre”, para engadir que “sempre é máis barato previr que lamentar”. Pensemos nos accidentes evitados e, polo tanto no aforro de custes en tratamentos sanitarios e de rehabilitación, no caso de querer simplificar a análise a factores económicos.

Desde a Corporación Municipal de Cambre consideramos un desatino a intención do goberno do PP e o anuncio feito polo Presidente da Xunta. Os fondos destinados a previr os accidentes e dar servizos á xente nova non poden considerarse un dispendio. Por outra parte o custe do servizo é perfectamente asumíbel pola Xunta de Galicia. No ano 2010 a Xunta dedicou ao Noitebús pouco máis de 4,5 millóns de euros, unha cifra que representa o 0,5% do orzamento da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras. Un investimento moi inferior ao gasto que o goberno está a facer en propaganda e publicidade. O normal é que os recortes se realicen no ámbito da propaganda e do gasto suntuario e non en servizos que cumpren unha función social evidente. A Xunta de Galicia debe rectificar esta decisión e manter o funcionamento dun servizo que ten demostrado a súa necesidade e utilidade.

Polo o exposto, o grupo municipal do o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte

#### ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a manter o funcionamento do servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer (Noitebús), sen aplicar ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego e, nomeadamente, nas rutas que comunican o noso concello dentro a comarca metropolitana coruñesa.

Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Conselleiro de M.A.T.I e aos portavoces dos grupos parlamentarios no Parlamento Galego.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, aínda que lles poida sorprender. Di que esta mañá el tivo a oportunidade de falar con dona María Seoane, que é a presidenta da Comisión de Xuventude no Parlamento de Galicia, e a verdade é que a chamou preocupado por este tema, porque despois de ler a moción a impresión que dá é que a Xunta vai desmantelar, vai suprimir o Noitebús. Di que a palabra que ten dela, que é unha representante que está moi ben informada sobre este tema, é que en ningún caso se vai a suprimir o Noitebús, e ademais garantizoulle que ningunha das liñas de Cambre se vai suprimir, o Noitebús vai seguir funcionando, o que si vai recibir é un recorte importante na subvención que percibe.

Polo tanto, o seu grupo, na exposición de motivos, non poden estar máis en desacordo, porque non se di a verdade, o que se di é que se vai suprimir o servizo e non se vai facer iso, o que se vai facer é retirar a axuda pública que se lle estaba dando. Cre que todos os cidadáns teñen que achegar un pouco, incluída a mocidade, para sufragar a grave crise económica que están sufrindo. Como todo o mundo sabe a Xunta practicou un recorte dun 12 % nos orzamentos deste ano e, evidentemente, dalgún sitio hai que recurtar.

En todo caso, a garantía que a eles lles transmitiu a Xunta é que se vai manter o Noitebús e que ningunha das liñas que afectan a Cambre se vai retirar, polo tanto, o seu grupo, co acordo de instar á Xunta a que manteña o funcionamento do servizo de transporte público nocturno, está completamente de acordo, non coa exposición de motivos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que para o seu grupo este é un exemplo máis da política regresiva da Xunta de Galicia, que neste caso vai contra a mocidade, que observan como se recurta os orzamentos no transporte público de noite, tendo en conta a eficacia dese transporte.

Por outra parte, a Xunta de Galicia non repara en gastar 3 millóns de euros na visita dun líder espiritual a Galicia, na visita do Papa, niso non se repara. Agora estanlles dicindo que non se suprime o servizo, pero que se suprime a subvención, pero para o outro non se suprimiu.

Di que cre que está demostrada a eficacia deste transporte, cre que non se chega a valorar o que se está evitando, mortes e accidentes, tetrapléticos e parapléticos, cre que non se valora isto e que sacar a subvención parécelle o máis regresivo que pode facer a Xunta de Galicia. Por conseguinte o seu grupo vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que a el tamén lle parece ridículo que se diga que se lle quita a subvención a este transporte para a mocidade. Di que visto o informe que vén aquí, pode verse que está funcionando bastante ben, e se lle quitas a subvención, ao mellor o transporte non llo quitas, pero en vez de pagar 2,50 € igual teñen que pagar 5 € para poder manterse, e iso xa é unha boa subida. O que teñen que explicar é que non o retiran pero que quitan a subvención e que van ter que pagar o dobre, e os rapaces dirán que claro que non. Parécelle extraordinariamente ben feito o traballo.

Continúa dicindo que lle gustaría preguntar cal é motivo de que haxa aproximadamente un 40% de viaxeiros que non pagan o billete.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que hai billetes de ida e volta.

Don Manuel Marante Gómez, sinala que por viaxe pagan 2,50 € e, por exemplo, aparecen viaxeiros totais 21, billetes totais 13, recadación 32,50 €. Pregunta se hai reducións por pedilo de ida e volta ou se é que non pagan algúns por algún motivo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que esas son as táboas que facilitou a propia empresa, son as certificacións que lle remite á Xunta, e son debido a ese tipo de cousas.

Don Manuel Marante Gómez conclúe dicindo que, en todo caso, el vai votar a prol.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que o seu voto vai ser a prol, pero que lle pasa o mesmo que ao Sr. Marante, non entende como en Cambre pode haber 109 viaxeiros e 56 billetes. Pregunta se é seguro que iso se debe ás viaxes de ida e volta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el cre que todos os informes que lles pasou a empresa están no expediente. Son datos que pon a empresa e que eles non dispoñen deles, pero que se pode preguntar para aclaralo ben. En todo caso pensa que iso non afecta ao fondo do que están discutindo.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín di que claro que non, e que ela está totalmente de acordo coa moción, o que pasa é que era curiosidade e que non lle estraña que non lle saian as contas á Xunta.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que quere amosar a súa alegría porque o grupo popular apoie esta moción. Di que só quere lembrar que o que se está aprobando aquí é “sen aplicar ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento”, están falando de que se manteña a axuda



económica, porque dicir que só lle quitan a subvención pero que non se anulan é retorcer os argumentos porque, evidentemente, sen apoio e sen subvención pública, non están falando das cantidades nin das porcentaxes, este é un servizo que se vai a eliminar.

E sobre todo unha cousa moi importante, que é o propio control público de como funciona, porque agora mensualmente as empresas están sendo controladas a través da Dirección Xeral de Transportes, cre que é.

Di que hai unha cuestión na que si poderían entrar e que todo o mundo podería entender. Efectivamente a Xunta teoricamente fai un recorte do 12 % nos seus orzamentos xerais, pois entón que tamén recorten un 12 % a subvención do Noitebús, ou un 15%, pero non o 100%, porque a partir do mes de xaneiro non ten ningún tipo de subvención autonómica. Di que van mirar como se pode regular iso para que siga funcionando. Polos datos directos que el coñece, ten moitísimo uso nesta comarca, neste concello, e a opinión tanto dos usuarios como das familias el ten clarísimo cal é, que non se retire a subvención, que siga funcionando e, ademais, é un servizo que hai que manter e aumentar, non diminuír.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PS de G-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a manter o funcionamento do servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer (Noitebús), sen aplicar ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego e, nomeadamente, nas rutas que comunican o noso concello dentro a comarca metropolitana coruñesa.

Segundo: Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Conselleiro de M.A.T.I e aos portavoces dos grupos parlamentarios no Parlamento Galego.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da declaración institucional do Concello de Cambre en relación coa morte dun neno saharauí. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

Así pois, a corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración de urxencia.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que esta declaración vén dada ante os sucesos que están acontecendo no El Aaiún, no Sahara Occidental, por iniciativa ademais de persoas voluntarias de Cambre que estiveron recentemente alí de visita, e que lles pediron se o pleno podía facer un pronunciamento. Cre que foi á metade desta tarde cando se lles pasou aos grupos unha posición un pouco longa e confusa, e a partir dese momento decidiron simplificalo un pouquiño para que puidera contar co apoio de todo o mundo. Esa é a segunda versión que recibiron todos os grupos.

#### **E) Declaración institucional do Concello de Cambre en relación coa morte dun neno saharauí.**

O concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo dá lectura á declaración institucional de data 28 de outubro de 2010 que se transcribe a seguir:

“Logo da intolerable morte de Nayem el Gareh, de 14 anos, tiroteado polo exército marroquí no campamento protesta instalado polos saharuais para denunciar as súas condicións de vida, o Pleno do Concello de Cambre desexa:

Primeiro: Manifestar a nosa máis enérxica repulsa pola acción violenta do exército marroquí contra o pobo saharauí o día 23 de outubro de 2010, e amosar o noso apoio solidario coa causa do pobo saharauí.

Segundo: Solicitar ao Goberno español que inste o envío dunha misión internacional que investigue as violacións dos dereitos humanos no Sáhara e o cumprimento das resolucións das Nacións Unidas.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo non pode estar máis de acordo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que a eles se lles entregaron dúas declaracións, unha pola tarde e outra fai un instante, e mirando un pouco por riba di que lles gustaría emendar, se así lles permite o concelleiro proponente da moción, o punto 2 da última declaración, que era o punto 5 da anterior. Propón que diga que se solicite ao Goberno español que inste o envío dunha misión internacional que investigue o asasinato do menor de idade saharauí, morto polos disparos do exército marroquí no Aaiún, capital do Sahara occidental.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que se todos están de acordo, el pensa que a pretensión con esta declaración

era que fora unánime, que non houbera, a ser posible, debate político sobre ela. Di que se están todos de acordo, pola súa parte non hai inconveniente en incluír ese texto.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que o que propón o Sr. Taibo parécelle ben, pero que a el lle parece que debe ir un pouco xenérica, para que se investigue calquera tipo de actuación que se faga, con calquera cidadán, non só o caso deste neno, deste mozo, senón calquera outra historia que está a pasar alí, bastante vergonzantes. Parécelle mellor dirixilo en xeral, pero tampouco ten problema se pensan outra cousa.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás explica que o sentido desta moción, baixo o seu criterio, foron os sucesos acaecidos estes días no Sahara. Pensa que esta morte non pode quedar impune, sen investigar, e por iso insisten en que o asasinato desta persoa se debe investigar, esa é a súa puntualización, porque vén sendo o motivo fundamental da presentación desta moción. Parécelle que é un pouco xenérica e que habería que puntualizar nese sentido.

Sometida a votación ordinaria a declaración institucional, coas modificacións introducidas á proposta do voceiro do grupo municipal de EU-IU, votan a prol os seis concelleiros do PS de G-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou formular a seguinte declaración institucional:

“Logo da intolerable morte de Nayem el Gareh, de 14 anos, tiroteado polo exército marroquí no campamento protesta instalado polos saharuais para denunciar as súas condicións de vida, o Pleno do Concello de Cambre desexa:

Primeiro: Manifestar a nosa máis enérxica repulsa pola acción violenta do exército marroquí contra o pobo saharai o día 23 de outubro de 2010, e amosar o noso apoio solidario coa causa do pobo saharai.

Segundo: Solicitar ao Goberno español que inste o envío dunha misión internacional que investigue o asasinato do menor de idade saharai morto polos disparos do exército marroquí no Aaiún, capital do Sahara occidental, e as violacións dos dereitos humanos no Sahara e o cumprimento das resolucións das Nacións Unidas.”

## **6º Informes da Alcaldía**

De orde do señor presidente, a secretaria da corporación dá conta do seguinte asunto:

- Da resolución do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes do día 21 de outubro de 2010 que se transcribe literalmente a continuación:

“Visto o establecido no artigo 191.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 90 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.

Visto que o día 4 de agosto de 2010, se aprobou a liquidación do Orzamento de 2009, por Resolución núm. 1725 do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes, da que se deu conta ao Pleno da corporación na sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2010.

Visto que con motivo dos traballos de confección da Conta Xeral do exercicio 2009 se detectou un erro no programa informático que duplicou unha operación de anulación do recoñecemento do dereito por importe de 16.440,18 euros, o que afectou á liquidación do Orzamento de 2009, xa que varía case todas as magnitudes a determinar na liquidación dos orzamentos. Por todo isto se considera procedente anular a liquidación efectuada o día 4 de agosto de 2010, e proceder de novo ao cálculo das distintas magnitudes corrixindo o erro detectado.

Visto o informe favorable da Intervención municipal.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución número 224 de data 29 de xaneiro de 2010 e a base trixésima segunda das Bases de execución do orzamento, resolvo:

Primeiro: Anular a liquidación do orzamento do exercicio 2009 aprobada por Resolución número 1725, de data 4 de agosto de 2010, e da que se deu conta ao Pleno da corporación na sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2010.

Segundo: Aprobar a liquidación do orzamento de 2009 que de seguido se sinala:

Resumo da liquidación do orzamento:

<b>Orzamento de gastos</b>	<b>Euros</b>
Créditos iniciais	16.187.770,06
Modificacións	11.936.137,37
Créditos definitivos	28.123.907,43
Gastos comprometidos	21.824.309,91
Obrigas recoñecidas netas	20.687.653,36
Pagamentos	18.027.376,63
Obrigas pendentes de pago a 31/12	2.660.276,73
Remanentes de crédito	7.436.254,07

<b>Orzamento de ingresos</b>	<b>Euros</b>
Previsións iniciais	16.187.770,06
Modificacións	11.936.137,37
Previsións definitivas	28.123.907,43
Dereitos recoñecidos	19.474.933,04
Dereitos anulados	58.013,24
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	19.416.919,80
Recadación neta	16.453.670,68
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	2.963.249,12
Exceso de previsión	8.706.987,63

Outros datos resumo:

- debedores pendentes de cobro a 31/12, 3.173.756,05 euros.
- acredores pendentes de pagamento a 31/12, 2.140.652,45 euros.
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 174.984,21 euros.
- remanente de tesourería total, 2.522.261,16 euros.
- exceso de financiamento afectado, 1.392.826,20 euros.
- remanente de tesourería para gastos xerais, 1.069.188,61 euros.
- necesidade de financiamento, 873.791,22 euros.
- porcentaxe necesidade de financiamento dos ingresos non financeiros, 4,55 por cento.
- aforro neto, 675.774,55 euros.

Segundo: Comunicar a resolución ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

## **7º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 15567 o día 23 de outubro de 2010.

1º Rogamos ao equipo de goberno nos informe do estado en que se atopa a redacción da ordenanza municipal para a instalación de antenas de telefonía móbil no concello.

O Sr. alcalde contesta que ten un informe para elaborar a ordenanza que lle pasou hoxe o enxeñeiro técnico municipal, e que mañá lles fará chegar unha copia aos grupos. Está feito o informe pero a ordenanza está aínda sen redactar.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que isto é unha mostra máis do que pasa aquí. Di que despois de todas as polémicas que houbo polas antenas en Cambre, que saben que, polo menos, hai 11 antenas que non dispoñen de licenza, das que se falou longo e tendido neste salón de plenos, a resposta é a de sempre, que se lles facilitará un informe dun informe doutro informe, pero dende logo as antenas de telefonía móbil nesta lexislatura non se van a regular. El cre que a mensaxe é esa, nin están reguladas nin se pensan regular nesta lexislatura, porque para que se van a complicar.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que lle gustaría facer unha intervención neste tema, porque é un tema que como dixo o Sr. Cubeiro preocupou á maioría desta corporación, e todos incidiron bastante na presentación e na elaboración dunha ordenanza para regular a instalación das antenas.

Cre lembrar que cando se trouxo unha vez a este salón de plenos, onde había representantes veciñais, quedouse en que se elaboraban unha ordenanza, podía quedar inocua mentres non se elaborara o Plan Xeral de Urbanismo, que era o que tiña que delimitar as zonas onde instalar as antenas. Cre lembrar que foi así, e por iso dende hai bastante tempo non se trae o tema das antenas, á marxe de que haxa presentados algúns recursos contra a instalación dalgunhas delas. Insiste en que se quedou en que mentres non se elaborara o Plan Xeral de Urbanismo e se especificara e sinalaran os puntos onde se podían instalar as antenas, que non procedía elaborar a ordenanza.

2º Rogamos ao equipo de goberno nos informe en que estado se atopa a renovación do convenio urbanístico do Graxal que venceu no 2009.

O Sr. alcalde contesta que neste momento hai un acordo entre os propietarios e o concello para renovalo. Agarda facelo nestes días.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que os concelleiros do seu grupo son persoas sensatas, que se preocupan polo labor que están a desempeñar, que é o bo camiño deste concello, achegar algo. Di que eles preguntan por un convenio que tería que terse renovado no ano 2009, pero que no Graxal hai dous. Hai un que lles preocupa moito que é o asinado polo Sr. alcalde para a construción do colexio. Están falando dunha edificabilidade de 4.700 metros, e que o concello terá que indemnizar aos propietarios se non se inclúe no Plan Xeral, e o Plan Xeral é unha utopía, e se o tema das antenas tamén depende do Plan Xeral, entón son dúas utopías.

Di que hai ese convenio, que lles preocupa, e hai outro máis que é o que se debería ter renovado no ano 2009, pero que xa se asinou no 2000, renovouse no 2005, renovouse no 2007, e habería que telo renovado no 2009, ao abeiro dun Plan Xeral que non se vai a facer nesta lexislatura.

Sinala que están preocupados porque están a falar de que nun terreo onde se podía facer un aproveitamento de 4.000 metros, dunha forma perfectamente xustificada, hoxe, de levarse a cabo ese convenio, poderían edificar 8.000 metros. O dos 4.000 metros perfectamente xustificadas, porque hai unha cesión de terreos para usos públicos en Cambre, que están a gozar os veciños de Cambre, e mentres os veciños de Cambre gozan deses servizos, os propietarios están renovando constantemente o convenio. É xusto, pero o grave é que no mesmo convenio dise que o concello, se incumpre, terá que indemnizar a prezo de mercado. Están falando de 4.000 m<sup>2</sup> na zona do Graxal, e cando di que son persoas sensatas, que se preocupan, é porque están falando de moitísimo diñeiro. Polo tanto, a súa pregunta ao Sr. alcalde é xa non tanto se pensa facer algo co Plan Xeral, porque sabe que non, pero si que herdanza lle vai quedar á seguinte corporación ou posteriores.

El cre que o Sr. alcalde debería darlle unha explicación ao conxunto dos veciños de Cambre sobre por que se asinan estes convenios, non pode dicir o que lle contesta xeralmente cando lle pregunta polos convenios. O Sr. alcalde adoita contestar que están anulados, porque como para facer o Plan Xeral xa van 11 ou 12 anos, pois que están anulados. Evidentemente cando unha persoa cedeu terreos para un uso público ese convenio non pode estar anulado e, polo tanto, o Sr. alcalde ten que darlles unha explicación.

Conclúe dicindo que logo hai outros convenios, e que eles van pedir formalmente que se anulen todos eses convenios ao abeiro do Plan Xeral, porque hai convenios asinados polo Sr. alcalde con dous concelleiros do seu grupo, sobre os que teñen que darlles tamén unha explicación. Ou se anulan directamente ou ten que darlles unha explicación. Dille ao Sr. alcalde que ten a oportunidade de explicarlles tres convenios.

O Sr. alcalde responde que convenios pendentes que ten o concello son dous, onde se acaba de facer o colexio do Graxal e onde se fixo a casa cuartel do Graxal. Son dous convenios que están aí, pactados cos propietarios, porque ou se pagaba o terreo ou se facía un pacto de negociación con base á legalidade e á regulamentación que había para poder edificar. Loxicamente, se os veciños interesados están de acordo en seguir renovando o convenio, el cre que o concello está cumprindo. Sexa agora ou sexa despois, di que o prezo do mercado haberá que pagalo, pero todos recordan que cando se fixo o colexio da Barcala non había diñeiro para comprar o terreo da Barcala, loxicamente fíxose unha compensación urbanística. No tema da casa cuartel, igual. Di que eses son os convenios que hai aí, e mentres os propietarios sigan entendendo que son viables e factibles, pois aí están cumprindo, e que oxalá o Plan Xeral se faga dentro dun ano ou dous, se pode ser.

En canto aos outros convenios que había di que están todos anulados con data dun acordo plenario que se celebrou aquí. Di que non existe ningún compromiso municipal neste momento, ningún que non sexan eses dous, os outros están todos anulados, todos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez dí que agradería ao Sr. alcalde, poder pasar mañá a primeira hora a recoller copia dese acordo plenario.

O Sr. alcalde di que como el queira.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que pasarán a primeira hora, se é posible, porque dende logo é unha sorpresa para eles saber que os convenios están anulados, e dende logo tamén é unha sorpresa saber que cando dúas partes asinan un convenio, unha o anula sen máis.

Conclúe dicindo que o Sr. alcalde pode dicir o que queira, pero que el falou moi claro, falou de 4.000 metros no Graxal, falou de dous convenios, o segundo que foi para a construción do colexio e que permite a construción dun edificio de sete alturas que vai ser moi difícil que o novo plan o admita. Polo tanto, o que el preguntou e quere que quede claro é que herdanza lle vai deixar o Sr. alcalde á seguinte corporación.

O Sr. alcalde responde que a mesma que teñen agora.

O Sr. Cubeiro di que as cousas non se poden asinar alegremente, que teñen consecuencias.

O Sr. alcalde di que respecto das consecuencias, asíñase cando hai necesidade.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que lle vai ler o punto terceiro dun deses convenios, no que di que se o Plan Xeral de Ordenación non se aprobara definitivamente no prazo de cinco anos, e están falando do ano 2000, se non se aprobara nese prazo a partir da sinatura do documento, a edificabilidade que se lle está recoñecendo á parcela indicada, que está por enriba do que lle corresponde polas Normas subsidiarias municipais, poderá ser patrimonializada polos donos noutros solos susceptibles de tal aproveitamento ou, no seu defecto, levarase a cabo a pertinente indemnización económica polos metros cadrados edificables que non se poidan patrimonializar segundo prezo medio de mercado. Polo tanto, o Sr. alcalde asinou iso, e se quere contestar que conteste, e se non quere contestar que non conteste, pero esa é a realidade.

O Sr. alcalde contesta que a realidade é que se asinou, e hai unha responsabilidade de telo feito, e como haxa un novo respaldo e un acordo coa familia, vaise seguir mantendo. Mentres a familia o queira seguir prorrogando e non se poida facer porque está o tema do Plan Xeral, aí están. Hai que pensar que hai unhas instalacións que se fixeron con base en algo e, ou se pagaban en diñeiro, ou se pagaban en edificabilidade, e sempre coa edificabilidade que marca a lei, non con outra edificabilidade fóra de lugar.



Polo tanto, di que el tamén estaría preocupado se eses convenios non tiveran unha validez, pero si a teñen, e sexa agora, mañá ou pasado, loxicamente o concello terá que cumprir con eles, e dará a edificabilidade que corresponda. Está claro que se non a quere dar toda, a diferenza terá que dala en diñeiro, pero o que tamén está claro é que están utilizando uns terreos polos que ata agora non teñen pagado nada, e que eran necesarios, unha casa cuartel e un colexio. Os outros, quere lembrarlle que no pleno de 24 de xuño de 2004, quedaron anulados, todos. Pode coller a acta dese pleno e ver os dous ou tres convenios que están anulados.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que o Sr. alcalde o acaba de dicir, se non se pode cumprir coa parte do concello, haberá que indemnizalos, iso é o que quere que quede claro.

O Sr. alcalde di que é o lóxico, ninguén regala nada por nada.

O Sr. Cubeiro di que vale, pero que non o vai pagar o Sr. alcalde.

O Sr. alcalde di que pagará quen o está utilizando, que é o pobo de Cambre.

3º Rogamos ao equipo de goberno nos informe do uso que ten na actualidade o edificio Arrigada.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o edificio mantén o uso por parte da Asociación de música As Mariñas, na planta baixa, e as dúas plantas superiores están rehabilitadas e reformadas. Fíxose co Plan FEIL do ano pasado, pero non teñen agora ningunha utilización pública. El cre que xa teñen comentando en máis dunha ocasión que o acceso a esas dúas plantas, a primeira e a segunda, ten un problema de accesibilidade, de cumprimento das normas de accesibilidade, e que se intentou iniciar a principios deste ano, para incluír na obra do Plan FEESL, un acordo coa comunidade de propietarios da urbanización anexa, para poder conseguir un acceso a través do xardín para que se puidera cumprir coa lei; ao final, por unha cuestión de prazos, non se puido incluír no financiamento do FEESL, e están en contacto coa comunidade para facer ese acordo. Di que a ver se o poden facer nos vindeiros meses, para que cumprindo con todas as normas de accesibilidade ás plantas superiores, se lle poida empezar a dar a utilidade que merece.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 15562 o día 23 de outubro de 2010, xunto coa moción e preguntas presentadas para este pleno e a pregunta presentada para as comisións informativas do día 26 de outubro.

1º O Real decreto 1087/2010, polo que se aproba o Regulamento das Xuntas Locais de Seguridade, contempla no seu artigo 13 que:

*Co obxecto de lograr a máxima participación cidadá na mellora dos niveis de seguridade pública, poderán constituírse Consellos Locais de Seguridade, aos cales serán invitados representantes de asociacións cidadás, organizacións empresariais, sindicatos e outras institucións ou sectores que conformen o tecido social.*

O noso grupo prega que na próxima xuntanza do mencionado órgano se teña en conta o artigo mencionado, facendo extensible aos voceiros dos grupos municipais con representación na corporación.

O Sr. alcalde contesta que non hai problema, e que se dá traslado a Secretaría para que na próxima reunión se cumpra.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que este rogo vén motivado, fundamentalmente, por unha moción que foi presentada aquí, cre que foi no pleno pasado, sobre a instalación dun cuartel da Policía Nacional en Cambre. Por iso eles xa insistiron nese pleno na posibilidade de que os voceiros dos grupos teñan acceso a esas Xuntas Locais de Seguridade, para coñecer de primeira man cales son as deficiencias, o índice de delincuencia existente no concello e obter os coñecementos que lles poidan achegar as distintas autoridades que teñen representación nese órgano.

2º Veciños/as de Graduil manifestaron ao noso grupo a súa contrariedade pola vexetación e maleza existente nun terreo nas inmediacións das súas vivendas, o que impide circular pola beirarrúa en condicións de seguridade, ao ter que invadir a estrada, co conseguinte perigo de accidentes.

Por isto o noso grupo prega que con urxencia se tomen as medidas oportunas e se dea solución ao problema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que lle gustaría que lles indicasen exactamente cales son os puntos, xa que hai un par de zonas aí en Graduil, baixando á man esquerda, antes dos edificios onde están os bares, onde todos os anos hai que mandar persoal municipal porque voa sobre a beirarrúa. E hai outro onde está o transformador, o camiño que sube para Outeiro, tamén á esquerda. Pregunta se hai algún sitio máis ou se son eses aos que se refiren, porque se son eses, xa é rutina de todos os anos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, contesta que efectivamente se referían ao lugar que citou en primeiro lugar, pegado aos edificios, onde a xente non pode circular pola beirarrúa, porque está invadida a calzada pola maleza.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que se encargarán diso con medios propios e que tamén se instruirá un expediente de disciplina urbanística, xa que corresponde aos propietarios limpar aquilo.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que mentres se tramita ese expediente pode pasar moitísimo tempo e a xente terá que seguir invadindo a estrada.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo reitera que o farán, e que tamén instruirán o expediente paralelamente.

3º No vial de servizo que transcorre dende a estrada CP-1704 paralelo á autovía A-6, existe abundante vexetación que invade parte do vial ocultando os sinais de circulación, o que ten ocasionado varios problemas de seguridade, sobre todo tendo en conta que non existen beirarrúas para peóns.

O noso grupo prega se dean as ordes oportunas para que se limpe e roce no que atinxe ao noso concello, e se fagan as xestións necesarias ante os responsables da autovía A-6 para que do mesmo xeito acondicionen o correspondente aos seus terreos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que este é un problema distinto, xa que no contrato de roza de camiños municipais, este camiño en concreto, este vial de servizo da autovía, que ten unha utilización non moi densa, pero si frecuente, non figura no inventario municipal e, polo tanto, non se pode incluír dentro do que é o contrato de roza.

Di que hai unha previsión de facelo por medios propios, pero que unha serie de circunstancias de baixas na brigada de obras impediron poder acometelo ata este momento, pero está previsto e parécelles moi oportuno o comentario. Agardan en próximas datas podelo organizar, pero como dixo por unha serie de baixas importantes na brigada, no persoal técnico que era necesario para este tipo de operacións, foi imposible facelo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, coincide en que cre que todos están de acordo en que é unha estrada que ten moitísimo tráfico, sobre todo para as persoas deste municipio, que utilizan a autovía, xa que é un acceso directo para a autovía cara ás Tablas, e xa en varias ocasións houbo accidentes, algúns deles con consecuencias graves. Di que por iso é a urxencia de que se limpe ese camiño.

### **Rogos do GM (PG) presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 15608 o día 25 de outubro de 2010.

1º Rogo se informe por parte do goberno municipal se hai algunha nova con respecto á declaración institucional sobre infraestruturas viarias en Cambre, aprobada a pasada semana por esta corporación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que esta mesma mañá houbo unha reunión do pleno do Consorcio das Mariñas, dos alcaldes, e aprobouse por unanimidade unha declaración que se vai presentar mañá nunha reunión á que está citada o pleno do Consorcio, co conselleiro de Medio Ambiente en Santiago. Di que esas son as novidades formais e serias, á parte de comentarios de prensa que poida haber ou outros.

Conclúe que iso é o que hai, unha declaración asinada por unanimidade no pleno do Consorcio desta mañá, que será a que se lle presente ao conselleiro mañá.

2º Rogo se informe do número de licenzas de construción concedidas no que vai de ano, para vivendas plurifamiliares e unifamiliares.

O Sr. alcalde contesta que plurifamiliares, ningunha, e unifamiliares, oito.

3º Rogo se informe do estado en que se atopa o expediente de contratación para a redacción do PXOM de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que xa está feito o informe técnico, xa se fixo a selección das empresas que se presentaron e a semana que vén haberá mesa de contratación.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que falta fai, a ver se desta maneira a resposta do rogo anterior mellora un pouco, iso se empezan a traballar no Plan Xeral en serio para que os veciños e veciñas de Cambre poidan facer algunha vivenda, porque ultimamente hai terreos nos que non se pode facer, e nos que se pode, só para millonarios. Cre que ao Plan Xeral se lle debería dar máis importancia da que se lle está dando xa hai moito tempo.

### **Rogos da concelleira non adscrita presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 15580 o día 25 de outubro de 2010.

1º Rogo se informe en que estado se atopan as obras de Casa Palmeiras e de cando estará en funcionamento a nova Casa da Xuventude nesas dependencias.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que esta obra foi financiada cos fondos FEESL. O que é a obra civil está xa rematada fai algo máis dunha semana. Na parte que lle corresponde á Casa de Xuventude o que está pendente, dentro do mesmo contrato, é a subministración do mobiliario para equipala.

Con respecto á parte de rexistro, sinala que está xa todo instalado de novo, e que hai un compromiso con Telefónica de que entre hoxe e mañá deixarán instaladas as liñas de conexión para o funcionamento da conexión a internet e máis as liñas telefónicas para a semana que vén poñela a funcionar.

En canto á Casa da Xuventude, a partir da instalación do mobiliario, os prazos de ocupación e uso, vai ser a propia Concellería de Xuventude e a Omix, as que determinen o seu funcionamento. Di que non poden dar uns prazos exactos, pero pensan que estará xa a disposición dos mozos, da Omix e da Concellería de Xuventude para podela programar a partir de dentro de dúas semanas, aproximadamente.

2º Cando ten pensado o Consorcio das Mariñas cambiar a colocación dos colectores de lixo que dificultan a accesibilidade e visibilidade nas distintas zonas do noso termo municipal?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que esta é unha pregunta que tería que responder o Consorcio, xa que a recollida do lixo é unha competencia que está delegada no Consorcio das Mariñas, como ben sabe. Todas as solicitudes que veñan de particulares, entidades ou do propio concello, tramítanse dunha maneira protocolaria axil, ás veces hai unha resposta tamén axil por parte do Consorcio, e outras veces, non. Di que hai algúns colectores de lixo nalgúns lugares que por petición do concello ou por petición de veciños xa foron modificados, e hai outros que, efectivamente, non. Tamén hai outros que teñen unha complicación grande, xa que non é unha cuestión de cambiar de sitio, senón que ao mellor dende o concello tamén hai que facer unha actuación nas rúas ou nos rueiros, para preparar un novo espazo.

Di que lle prega á Sra. concelleira que se hai algún en concreto que teña unha especial complicación ou un especial perigo, que llelo indique, porque a pregunta é moi xeral e non sabe exactamente a cales se refire. Hai un montón deles que xa se estiveron tramitando toda a lexislatura, tamén nesta última parte, e hai algúns que xa están cambiados de sitio, outros efectivamente non, por diferentes motivos.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, pide permiso para intervir en relación coa petición que acaba de facer o concelleiro responsable. Di que hai un, que ademais é moi perigoso, que é o que está xusto no cruzamento da rúa Francisco Rodríguez do Temple e a N-VI. Alí hai unha isleta, e no medio xusto hai un colector de lixo, que impide totalmente a visibilidade para os coches que saen da rúa Francisco Rodríguez.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que ese é un dos puntos que está solicitado, pero cre que saben que está agora mesmo en licitación a obra da rúa Pígara, que precisamente colle toda esa zona. Vaise modificar e, dentro da propia obra urbanizadora, hai un novo espazo para colocar os colectores de lixo. Di que debe estar a

punto de acabar a licitación e que pronto van comezar as obras. En todo caso, pasará unha nota por se é especialmente perigoso, que se cambie.

3º Rogo se limpe a rúa Francisco Añón xa que do aparcadoiro cae po e area que borra a liña da vía amarela e desta maneira a xente aparca os seus automóbiles ocupando medio carril dificultando a circulación habitual nesa zona e o aparcadoiro baleiro, polo tanto tamén creo que é viable reforzar a sinalización nesa zona.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, engade que ten que felicitar aos responsables, xa que pasou esta mañá por alí e xa estaba limpa a rúa, excepto no último tramo no que non sabe se é que cansaron ou se había coches aparcados, que non puideron terminar de limpar.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que ten razón e que, de feito, cando se colocaron os valos para delimitar aquela zona de aparcadoiro, puxéronse uns sinais provisionais por parte da Policía de prohibido aparcar na beirarrúa, contra o edificio. Di que pensaban inicialmente que cunha pequena tempada, cuns poucos días cos sinais provisionais, e coa liña amarela marcada e coa evidencia de que hai un aparcadoiro grande do outro lado, que chegaría. Polo visto, nalgunha ocasión non é así. Di que el cre que son sobre todo usuarios do bar novo que hai alí naquela zona, e que deu instrucións á brigada para que limparan, como é lóxico, e para que se colocaran sinais de prohibido aparcar fixas, coincidindo co longo do valo do aparcadoiro, para que estea claro que alí non se pode aparcar. Poñerán os sinais nos próximos días.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 15566 o día 23 de outubro de 2010.

1<sup>a</sup> Varias marquesiñas do concello atópanse nun estado lamentable. Ten pensado o equipo de goberno tomar algunha medida ao respecto?

Don José Francisco Parcero Rial contesta que xa se están reparando varias delas e que se está facendo un inventario de todas as demais para mandar á Xunta. Están vendo unhas e outras para saber cales son as que dan mellor resultado. Di que iso é o que están facendo.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, pregunta se entón se está a facer un estudo de todas as marquesiñas.

Don José Francisco Parcero Rial contesta que si.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel pregunta pola marquesiña que está no centro de Cambre, que parece que é de antes da guerra, pregunta se teñen pensado cambiala, así como a do Temple.

Don José Francisco Parceró Rial responde que están facendo un inventario de todas, para trasladarlle á Xunta.

A concelleira popular sinala que non serán todas da Xunta, que haberá tamén algunha da Deputación.

Don José Francisco Parceró Rial reitera que o que están facendo é arranxar as que poden arranxar agora, e o resto facendo un inventario.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel sinala que ademais de arranxar as que estean rotas, o que é o exterior das marquesiñas é autenticamente lamentable, con silvas, de todo. Pide un mantemento de todo en xeral, limpeza en xeral.

Don José Francisco Parceró Rial contesta que tamén o mirarán.

2<sup>a</sup> En que estado se atopa a redacción do inventario de bens municipais?

Don José Francisco Parceró Rial contesta que con respecto aos camiños, unha vez presentado o primeiro documento de traballo, os planos, pola empresa adxudicataria, reuniuse a comisión técnica creada para o efecto para levar a cabo a súa análise. Nesta reunión acordouse que o documento non era válido, non respectaba a escala 1:10000, e non constaban todos os camiños que debían estar. A empresa adxudicataria repetiu estes traballos que foron entregados á comisión técnica para unha segunda reunión.

O documento presentado inclúe todos os camiños existentes no concello e toca agora facer unha depuración deles, para que só consten os que deben considerarse públicos. Foi emitido informe xurídico onde se define que debe entenderse como camiño público, estase agora a concretar sobre plano cales deses camiños se axustan ao concepto xurídico definido.

Con respecto aos demais traballos relativos aos demais bens, por parte da empresa están a inventariar segundo datos remitidos polo concello. Neste sentido remitíronse á empresa datos catastrais, unha revisión de 380 notas simples informativas dos bens inscritos no Rexistro da Propiedade a nome do concello, e o inventario das instalacións de iluminación.

Tamén quere dicir que as prolongadas baixas de dous dos membros da comisión, secretaria e enxeñeiro municipais, e o cambio do arquitecto, así como a resolución das dúbidas que van xurdindo, foron ralentizando a elaboración deste proxecto.

Conclúe que se traerá a pleno, para a súa aprobación, a comezos do vindeiro ano.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, agradece a contestación, pero sinala que é a mesma que lles deron hai aproximadamente un ano. Di que hoxe aprobaron no pleno un Código de boas prácticas e boa conduta e a lexislación vixente tamén establece que todas as corporacións locais teñen a obriga de ter un inventario. Di que levan preguntando por este inventario de bens municipais máis de oito anos, e seguen igual, que se está elaborando, que se está facendo. Agardan que sexa en breve.

3<sup>a</sup> O camiño que transcorre ao carón da A-6, en Brexo-Lema, atópase totalmente invadido pola maleza. Por que non se incluiu este camiño nas tarefas de roza?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que ten dúbidas de se están a referirse ao mesmo camiño do que falaron antes, e remítese a esa contestación. Engade que hai varios camiños pegados á autovía, hai tramos de camiños que si están codificados e eses incluíronse, o problema que teñen, como dixo anteriormente, é cos que non están inventariados. En principio o concello non pode legalmente gastar diñeiro público nun camiño que non é propiedade municipal.

Aclaradas estas cuestións, sinala que é evidente que ese tramo asfaltado que sube da Costa da Lapa ata o límite con Abegondo, evidentemente é público, na práctica, e deberán facer o que antes lle contestou ao voceiro de EU-IU.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, agradece a resposta e di que xa a deran por contestada practicamente, e reitera que realmente é un camiño moi utilizado polas persoas para coller a autovía, como xa dixo antes o Sr. Taibo, por iso piden que se arranxe a situación o máis axiña posible.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 15562 o día 23 de outubro de 2010, xunto coa moción e rogos presentados para este pleno e a pregunta presentada para as comisións informativas do día 26 de outubro.

1<sup>a</sup> En relación co proxecto de recuperación, restauración e financiamento da casa reitoral de Pravio para o uso e goce dos veciños/as, mediante un obradoiro de emprego. O noso grupo pregunta:

Cal é a situación actual na que se atopa o dito proxecto?

Dona M<sup>a</sup> Ángeles Míguez Mouzo contesta que o convenio co Arcebispado asinouse o 16 de xullo, despois de establecer unhas condicións que satisfaceran tanto ao concello



como ao Arcebispado. Trátase dun convenio por 30 anos e hai uns gastos que corren por conta do Arcebispado e outros por conta do concello. O 30 de xullo déuselle saída cara á Xunta, e o día 5, despois de pedir cita co delegado territorial don Diego Calvo, foron a unha reunión para falar con el e pedirlle por este proxecto, que é tan importante para Cambre, que ademais crearía un total de 71 postos de traballo o que sería un alivio para o concello.

O delegado informoulles que se presentaran uns 50 proxectos, que moitos non cumprían, ou non tiñan os permisos pertinentes. Di que no caso de Cambre contan con todos os permisos, tanto de Patrimonio como todo o que é necesario para que poidan aprobar a subvención. Tamén lles dixo que nun prazo, máis ou menos de dúas semanas, terían xa resoltos os proxectos elixidos. De momento non teñen ningunha noticia, pero agardan que os teñan en conta porque é o primeiro proxecto que presenta Cambre, mentres que moitos dos outros concellos xa sería repetitivo.

Di que Cambre baseou a solicitude de subvención, principalmente, para que puidera ser aprobado e para os informes dos técnicos, no servizo que se lle vai a dar ao parvulario, que nestes momentos ten o máximo de nenos permitidos, e que non pode acoller máis por falta de espazo. Incidiron moito niso, a ver se o delegado ten a ben outorgar a Cambre a subvención.

Conclúe dicindo que iso é o que fixeron e que agora están a expensas de que conteste a Xunta.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, agradece a resposta e sinala que isto partiu dunha iniciativa xa presentada hai bastante tempo polo seu grupo, que trataba sobre a creación dun obradoiro de emprego, que ao mesmo que servira para restaurar o patrimonio, permitira facerse con el durante 30 anos. Tamén incidía bastante sobre a creación de emprego no Concello de Cambre. Di que por iso insisten en que deben estar moi enriba disto, xa que nos tempos que corren é fundamental que se cree emprego, que se restauren os bens do concello, e que se usen para a utilidade dos veciños.

Sinala que cre que isto merece unha información puntual por parte do goberno municipal cando a teñan, e non que EU-IU ou outros grupos teñan que estar, case continuamente, preguntando. Di que agradecería que cando haxa algunha novidade se informe ao pleno da situación.

Dona M<sup>a</sup> Ángeles Míguez Mouzo responde que serán informados, pero que o que pasou é que ata o momento en que non presentaron o convenio non podían informar de nada. A partir de agora di que os concelleiros serán informados, e que os 71 postos de traballo serán se a Xunta concede todo o que piden. En todo caso, concedan o que concedan, di que serán postos de traballo para Cambre.

Conclúe dicindo que serán informados en breve, porque chamarán á Consellería para ver como está o tema. Agarda que teñan sorte.

2ª As redes de saneamento que discorren polo límites do noso concello e Oleiros, producen malos olores a causa dos vertidos producidos por algunhas empresas situadas no polígono do Espírito Santo.

Que medidas ten adoptado o goberno local para dar solución aos mencionados problemas?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que este é un tema que vén de vello, pero que en momentos puntuais se agudiza e salta. Di que realmente comezan os problemas por denuncias por malos olores nesa zona, no colector que baixa do Polígono de Espírito Santo, que pasa pola Gándara e que desemboca na Marisqueira, a partir do ano 2006, cando determinadas empresas se instalan no polígono. Dende esa data ata o día de hoxe, abríronse varios expedientes, houbo varios informes técnicos, e o último foi en xuño deste ano cando saíron dous simultaneamente, con respecto a dúas empresas que están alí instaladas. Son expedientes de disciplina, con aviso de sanción e coa posibilidade de peche cautelar da actividade no caso de non cumprir coas medidas correctoras.

Di que de todas estas actuacións ten unha información puntual o organismo competente no tema do río, que é Augas de Galicia, que está ademais desenvolvendo, agora mesmo, un traballo de control sobre como están todas as redes de saneamento na comarca.

Sinala que ese colector o fixo Sepes, en torno ao 95 ou 96, practicamente non se fixo mantemento ningún del, sobre todo nalgúns tramos, nos tramos que pasaban por zonas menos urbanas, como é o caso da desembocadura, e este verán o concello acometeu unha importante reparación tanto no colector como nos propios pozos, xa que en momentos de carga podía provocar saídas, alivios, dos pozos cara á zona. Ese traballo está xa realizado.

Hai outro dato que, tanto os técnicos que o miraron, como a propia empresa concesionaria do mantemento das redes de saneamento municipais salientan, que é que é probable que as conexións que veñen do Concello de Oleiros, probablemente non estean feitas con todos os requisitos necesarios, precisamente para evitar eses olores. É probable que nalgúns dos colectores que enganchan no que baixa de Espírito Santo, falten sifóns. Están falando das redes que veñen de Oleiros, e é precisamente polo que provoca ese malestar e denuncias polos veciños da zona de Oleiros. Di que lles trasladarán que todos eles tamén deberán tomar medidas para poñer o colector nas correctas condicións técnicas.

Sinala que iso no exime as responsabilidades que poida haber por parte de vertidos non regulares ou mal realizados. Eses expedientes van por outro lado, pero, se cadra, o Concello de Oleiros ten tamén que corraxir, porque hai algunhas vivendas na parte da Gándara, de Cambre, nos que ese problema non se está dando, ou por lo menos de maneira tan agudizada. Estase dando nos da zona de Oleiros.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que nalgunhas zonas da Gándara hai rexistros preto das vivendas e corresponden ao Concello de Cambre, xa que en moitos casos rebentan as tapas dos sumidoiros e se desborda. Di que el cre que este é un problema ao que hai que dar unha solución, xa sexa por parte do Sepes, por parte do Concello de Oleiros, do Concello de Cambre ou de quen proceda, pero urxe darlle unha solución o máis rápido posible, xa que os veciños á parte de soportar os olores, están soportando que moitas veces as tapas ou rexistros da rede de sumidoiros reventen para arriba e se inunden incluso as casas con parte de augas fecais.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, efectivamente, aí hai un problema, que non é tanto porque o tipo de vertidos sexa regular ou irregular, senón pola cantidade que botan en pouco tempo. Estase detectando iso e, de feito, Augas de Galicia ten colocados caudalímetros para detectar os caudais que pasan. Parece ser que se botan unha cantidade de metros cúbicos por unidade de tempo demasiado fortes. Iso é o que provoca que entre en carga o colector e que ás veces salten tapas.

Di que dende o Concello de Cambre se teñen xa reparado algúns dos que correspondían ao seu tramo. Hai algunhas casas que están máis baixas, e que funcionan con bombeos e ás que se lles instalaren calapetas para evitar precisamente que se inundaran en caso de carga no colector. Pode haber algunha avaría, pero o que é na zona urbana de Cambre estase facendo un seguimento e dáselle unha atención. En todo caso di que os expedientes informativos e con posibilidade de sanción, ou medidas cautelares, seguen en marcha. Neste momento están no punto de que as empresas lles certifiquen cales son as medidas correctoras que teñen adoptado para solucionar eses problemas que se denuncian.

3ª En relación co convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Cambre para financiar as obras para a “construción de novas instalacións para o servizo de protección civil” cunha dotación de 362.470,95 € e unha achega da Deputación de 289.352,05 €

O noso grupo pregunta sobre a situación do mencionado convenio, e se conta o concello co lugar definitivo para as ditas instalacións.

O Sr. alcalde contesta que o convenio está aprobado polo pleno da Deputación. O concello presentou un proxecto básico e hai que presentar o proxecto de execución, que

en realidade deberían ter xa no concello. Agarda que a semana que vén chegue para podelo mandar á Deputación.

Di que se adquiriu unha cantidade de terreo, por riba dos 16.000 metros, para facer un colexio en fronte de onde está Molduras. Como a consellería só esixe para iso 10.000 metros, é polo que van a destinar un trozo dese terreo para construír as instalacións de Protección Civil alí, porque lles queda moi próximo á autoestrada, ben situado, e a idea é, se poden, comezar as obras segundo Deputación, antes de primeiros de ano.

### **Preguntas da concelleira non adscrita presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 15581 o día 25 de outubro de 2010.

1ª En que estado se atopan as negociacións para a próxima construción das sendas peonís de Pravio a Catro Camiños?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, explica que tal e como esta mañá lle corrixiu o concelleiro de Obras, refírese ás sendas de Pravio á Castellana.

Don Henrique Xabier Iglesias sinala que, de todas as maneiras, a pregunta estaba clara. Di que están agora mesmo recollendo as sinaturas dos propietarios para as cesións, faltan aínda algunhas, e que se non sae mañá, sairá o martes, xa que o luns é festivo, a solicitude para a Xunta de Galicia para que dea a autorización correspondente, e poder facer a licitación desa obra dentro deste mesmo exercicio.

2ª Poden informar como foron as reunións mantidas co conselleiro de Infraestruturas Agustín Hernández e o Consorcio das Mariñas, polo tema da Vía Ártabra?

Dáse por contestada.

3ª Hai uns días en prensa líamos que o Sr. alcalde víase obrigado a renunciar á subvención para a ampliación do consistorio, pode informarnos cal foi o motivo de que o pasado ano se perdera esta axuda e de que maneira pretende remediar o problema?

O Sr. alcalde contesta que non se perdeu, que todo o mundo sabe que tiñamos unha cantidade de máis de 500.000 euros, que era o equivalente ao 60% do que pedían para melloras de obras do concello, entre elas o centro da terceira idade, centro de formación, oficina de voluntariado, a ampliación da casa do concello. Eran en total obras por 914.000 euros. Xurdiu o problema de que tiveron que recorrer a Patrimonio, porque o proxecto da casa do concello está dentro do BIC, que abarca a igrexa, e non se chegou a tempo aínda que se pediu unha prórroga.

Di que o día 5 de agosto entrevistouse co conselleiro de Presidencia e este recoñeceu que estaba apartado ou aprobado un diñeiro, e tamén lle dixo que non tiñan nada máis que 200.000 euros para este ano. El pediulle que llos mandara para poder iniciar a obra, e se non o fai, difícil vai estar. O conselleiro díxolle que si, e que para o próximo ano volveran a pedilo.

Di que a sorpresa foi cando hai uns días recibiu unha carta onde se di que, para este ano no que hai que facer un investimento de 180.000 euros, regálanlle 9.000 euros, e pregunta que obra pode facer con esa cantidade. Por iso non lle quedou máis remedio que renunciar á subvención, porque o que tiñan solicitado era o 60%. Coa cantidade obtida non se podían iniciar as obras, porque non teñen partida orzamentaria.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se é certo o que saiu en prensa de que o ano pasado non se chegou a tempo, e se foi por culpa de Patrimonio ou porque o concello non comezara os trámites antes.

O Sr. alcalde responde que si os empezaron, que se mandou, se lles concedeu, despois Patrimonio púxolles trabas, pediron unha prórroga, concedéuselles, e o conselleiro recoñeceu que si, pero que non tiñan diñeiro. El pediulle os 200.000 euros para poder comezar as obras este ano, e a sorpresa foi cando mandaron 9.000. Di que con esa cantidade non se pode facer nada.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia